

INFORME CLIMATOLÓXICO ANO 2021

**Data edición: 12/01/2022****ÍNDICE**

1	INTRODUCCIÓN	3
2	DESCRIPCIÓN DO ANO 2021 EN GALICIA POR MES.	3
2.1.	Xaneiro	3
2.2.	Febreiro	5
2.3.	Marzo	7
2.4.	Abril	8
2.5.	Maio	9
2.6.	Xuño	11
2.7.	Xullo	12
2.8.	Agosto	14
2.9.	Setembro	15
2.10.	Outubro	17
2.11.	Novembro	18
2.12.	Decembro	20
3	DESCRIPCIÓN DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2021 EN GALICIA	23
3.1.	Temperatura	23
3.2.	Precipitación	25
4	BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2021 EN GALICIA	28
4.1.	Temperatura	33
4.2.	Precipitación	35
5	Evolución histórica da temperatura e precipitación	39
5.1.	Evolución da temperatura media por mes	40
5.2.	Precipitación	41
5.3.	Evolución da precipitación por mes e diagrama de Termohietas	42
5.4.	Índice de Precipitación Estandariza (SPI – siglas en inglés)	44
6	EPISODIOS DESTACABLES EN CADA UN DOS MESES DE 2021	47
6.1.	Xaneiro	47
6.2.	Febreiro	60
6.3.	Abril	67
6.4.	Maio	69
6.5.	Xuño	70
6.6.	Xullo	75



6.7.	Agosto.....	78
6.8.	Outubro	80
6.9.	Novembro	84
6.10.	Decembro	87

Data de edición 25/01/2022



Ano en xeral seco, principalmente no segundo semestre, e cálido

1 INTRODUCCIÓN

Neste documento preséntanse unha descrición climatolóxica do ano 2021. Así, faise un resumo mensual dos aspectos máis destacados e analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo, considerando o período de referencia 1981-2010.

Se falamos de temperatura media, enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media deste ano e o valor climático obtido con respecto ó período de referencia 1981-2010. Para a variable precipitación enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada no ano respecto do valor da media climática correspondente. Así mesmo, o índice de precipitación estandarizada (SPI) que se presentará no punto 4.3, emprégase para identificar períodos húmidos e de secas ó longo do tempo.

Para os cálculos relativos aos valores medios do ano e nos períodos climáticos correspondentes, empregáronse en precipitación 16 estacións meteorolóxicas representativas. Mentres que para a temperaturas empregáronse 11 estacións de referencia para calcular os valores medios.

2 DESCRICIÓN DO ANO 2021 EN GALICIA POR MES.

2.1. Xaneiro

O mes de xaneiro estivo caracterizado por dúas partes moi diferentes, no que as primeiras semanas foron moi frías e secas e unha segunda parte, que a partir do día 19 tivo a chegada continua de borrascas con chuvias, ventos do suroeste e un notable ascenso das temperaturas, que aínda así non puideron compensar as baixas temperaturas da primeira metade do mes. Con esta configuración o **mes de xaneiro foi moi frío e húmido**.

Destacou no día 9 a chegada da borrasca *Filomena*, que se ben na península provocou intensas nevaradas, non afectou a Galicia, de feito ao localizarse no Mediterráneo na seguinte xornada, diminuíu de forma destacable a intensidade das xeadas na Comunidade.

Entre as xornadas do 11 ao 14 déronse avisos laranxas por baixas temperaturas principalmente na provincia de Ourense que rexistrou nalgunhas localidades valores inferiores aos -8 °C.



A tendencia de tempo seco e moi frío rompeuse no día 19, no que chegou a primeira borrasca intensa do mes, nomeada *Gaetán*. Durante a noite desta xornada e na madrugada da seguinte, as chuvias foron cuantiosas e os refachos de vento superaron os 100 km/h en puntos do litoral e zonas altas do interior.

A seguinte borrasca, nomeada *Hortense*, chegou a Galicia na noite do 21 e a madrugada do 22, deixando refachos de vento moito máis fortes que os da borrasca anterior aínda que, con menos precipitación.

Na xornada do 23 outra borrasca nomeada Ignacio, novamente deixou fortes ventos na Comunidade.

Houbo outra borrasca importante cando o mes estaba rematando, chegando na noite do 29 á madrugada do 30 e nomeada *Justine*, esta borrasca deixou novamente refachos de vento importantes, e un temporal no mar, con aviso vermello, no litoral norte xa na tarde do 30.

As baixas temperaturas na primeira metade do mes, debido á presenza dunha masa de aire moi fría, foron as que definiron a temperatura no mes de xaneiro. Así a temperatura media coas 11 estacións que compoñen a serie rexional tivo un valor medio de 7.2 °C, presentando unha anomalía de -0.8 °C, cualificándose o mes como moi frío. Isto debeuse principalmente as temperaturas máximas que foron moi frías, mentres que as mínimas, máis suaves na segunda metade do mes, foron frías. Isto representou unha anomalía igual á de 2019 co precedente máis frío no ano 2006.

A precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional foi de 198 L/m². Isto representa unha porcentaxe de precipitación dun 37% superior ao valor climático normal, considerándose o mes húmido no conxunto da Comunidade. O precedente máis húmido atópase no ano 2016.

Entre as xornadas do 19 ao 22 os valores de refacho de vento superaron os 100km/h en moitas localidades e en distintas xornadas. Aínda así a porcentaxe de calmas foi superior ao esperado.

A configuración sinóptica dos mapas de anomalías de presión en superficie e a unha altura xeopotencial de 500 hPa (Figura 1), mostrou unha forte anomalía negativa que da conta da gran cantidade de borrascas que afectaron a Galicia na segunda metade do mes, que ademais situábanse máis ao sur que o normal nesta época do ano. Porén, nas áreas habituais da

formación de borrascas apreciouse unha forte anomalía positiva, representativa da época de estabilidade e moito frío da primeira metade de mes.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de xaneiro, con respecto ao período de referencia 1981-2010.

2.2. Febreiro

O mes de febreiro quedou caracterizado polo continuo paso de borrascas que afectaron á Comunidade e ventos de suroeste. Estas borrascas, moi activas en xeral, e as súas fronte asociadas, fixeron que houbera unha forte acumulación de precipitación, mentres que os ventos predominantes de suroeste fixeron que as temperaturas fosen moi suaves para a época do ano. Isto deu como resultado un mes de **febreiro que foi moi húmido e moi cálido**. Aínda que foron moitas as xornadas do mes nas que se rexistraron precipitacións xeneralizadas, destacaron dúas polas cantidades de chuvia rexistrada nalgunhas localidades. Así o día 2, unha fronte activa moi estacionaria deixou unha xornada de chuvia persistente de intensidade moderada, acumulándose cantidades de precipitación que superaron os 100 L/m² en 24 horas. Isto mesmo ocorreu no día 11, onde as chuvias acumuladas persistentes e de intensidade forte, fixeron que se acadase este limiar en localidades ao oeste de Galicia. Destaca este día o récord de chuvia diaria acumulada nun mes de febreiro na localidade de A Coruña.

Na xornada do 19, destaca o paso dunha borrasca nomeada *karim*, que provocou un forte temporal de vento que se estendeu ata as primeiras horas do día 20. Este vento tamén viu acompañado de chuvias importantes, xa que a borrasca chegaba acompañada dun río atmosférico.

Xusto despois, nas primeiras horas do día 21 houbo neve por debaixo dos 1000 m, debido a unha entrada de aire frío.

Así, as temperaturas foron en media máis elevadas do habitual nesta época do ano, as borrascas chegaron con ventos do sur, traendo masas de aire morno e cargadas de nubes e humidade, sendo moi escasos os días de xeadas ou de neve. A temperatura media neste mes para a serie representativa rexional foi de 10.7 °C, presentando unha anomalía de +1.9 °C cualificándose o mes como moi cálido. Isto debeuse principalmente ás temperaturas mínimas que presentaron unha anomalía positiva de máis de 3 °C, sendo moi cálido o mes tendo en conta esta variable, mentres que tendo en conta a temperatura máxima só foi cálido. Aínda así a anomalía neste ano foi inferior a do ano anterior 2020, que fora o máis cálido da serie histórica.

A precipitación media acumulada na serie rexional representativa de Galicia foi de 264 L/m². Isto supuxo unha porcentaxe de precipitación de 139% superior ao valor climático normal, cualificándose o mes como moi húmido. Os precedentes, cunhas porcentaxes de precipitación similar, atopámoslos nos anos 2014 e 2016.

No período comprendido entre o 18 e 20 de febreiro rexistráronse en Galicia refachos de vento que superaron os 100km/h en moitas localidades, e o fixeron en varias xornadas nas mesmas. As porcentaxes de calmas foron baixas en xeral, e as frecuencias das velocidades acadaron valores elevados.

A configuración sinóptica dos mapas de anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial (Figura 2), presentou unha forte anomalía negativa de presión situada ao oeste de Irlanda. Que non é máis que o reflexo do paso frecuente de borrascas que afectaron neste febreiro a Galicia. Ademais, nesta configuración pódese ver como a compoñente predominante do vento foi de sur-suroeste, de aí as temperaturas tan cálidas.




Figura 2: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de febreiro, con respecto ao período de referencia 1981-2010.



2.3. Marzo

O mes de marzo quedou caracterizado pola frecuente aparición de situacións anticiclónicas que deixaron precipitacións moi escasas. As situacións de estabilidade deixaron amplas oscilacións térmicas e fixeron que as temperaturas medias estivesen moi preto dos valores normais para a época do ano. Así, **o mes de marzo foi moi seco e con temperaturas medias normais.**

Entre as múltiples situacións de estabilidade destacan dúas situacións meteorolóxicas neste mes de marzo: a entrada de po sahariano asociada a unha pequena borrasca entre os días 4 e 5 e, que tamén presentou chuvascos tormentosos no leste da Comunidade e outra entrada de po sahariano na xornada do 27, esta vez asociada a un anticiclón situado ao norte da península Ibérica, que deu lugar a un incremento progresivo das temperaturas, que xa no último día acadaban valores por riba dos 30 °C.

Os abundantes períodos anticiclónicos deron lugar a temperaturas máximas elevadas, pero a mínimas baixas por estar os ceos nocturnos despexados. Así, a temperatura media para as once estacións representativas de Galicia foi de 11.0 °C, cunha anomalía de tan só +0.12 °C considerándose o mes normal, pola compensación das máximas (cálidas) coas mínimas (frías).

A precipitación media acumulada en Galicia foi de 20 L/m², moi por debaixo do agardado, resultando un mes moi seco cunha porcentaxe de precipitación dun 80 % por debaixo do normal para esta época do ano. O seu precedente máis seco atopámolo no ano 1997.

En canto ao vento, a dirección predominante foi de compoñente leste, e as porcentaxes de calmas moi elevadas en xeral para todo o territorio.

A configuración sinóptica dos mapas de anomalías de presión (Figura 3), mostran unha forte anomalía positiva centrada nas Illas Británicas. Esta anomalía deu conta tamén do predomínio anticiclónico que afectou a nosa Comunidade.




Figura 3: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de marzo, con respecto ao período de referencia 1981-2010.

2.4. Abril

O mes de abril, como o mes anterior, tamén estivo caracterizado en xeral polas situacións anticiclónicas, que se vían interrompidas pola chegada de zonas de aire frío en altura que deixaba chuvascos de tipo tormentoso na Comunidade. Isto ocasionou que o as temperaturas estivesen por riba das agardadas nesta época do ano, sen embargo, a chuva acadou valores normais, con excepción de localidades do interior, que estiveron especialmente afectadas polas tormentas, e para as que o mes foi húmido. Así, **Abril foi moi cálido e normal en canto á precipitación.**

Na xornada do 22 ao redor dos Azores comezou a formarse a borrasca nomeada *Lola*, que entre os días 23 e 26 quedou illada entre os Azores e a península Ibérica, deste xeito a borrasca achegou a Galicia aire cálido en superficie pero frío en altura, dando lugar a tormentas moi xeneralizadas durante todo este período.

Na configuración sinóptica do mapa de anomalías de presión, Galicia presenta valores normais nesta época do ano, entre unha anomalía positiva moi forte ao oeste de Irlanda e unha anomalía negativa de presión sobre os Azores. Aínda que en altura o norte da Comunidade está afectado pola anomalía positiva que se desprazou cara Groenlandia, os valores de presión foron os propios da época do ano.

Neste mes de abril houbo poucos días de frío e predominio de xornadas anticiclónicas. Ademais, as xornadas tormentosas aínda que chuviosas, deixaron temperaturas elevadas. Así, a temperatura media para a serie rexional galega foi de 13.1 °C, cunha anomalía de +1.25 °C, considerándose o mes moi cálido. A esta cualificación contribuíron tanto a temperatura

máxima que foi moi cálida como a mínima, aínda que segundo esta variable o mes só foi cálido.

En canto á precipitación e o número de días de chuva, os valores foron normais. Destacando sen embargo, localidades do interior con rexistros superiores aos climáticos por mor das numerosas tormentas. O valor medio de precipitación para a serie rexional galega foi de 113 L/m², o que representa unha porcentaxe de precipitación dun 3% superior ao valor climático, cualificándose como normal abril para esta variable.

En canto ao vento superáronse os 100km/h en catro localidades pero durante varias xornadas, cunha compoñente predominante de leste e unha elevada porcentaxe de calmas de forma xeneralizada.

Na configuración sinóptica do mapa de anomalías de presión (Figura 4), Galicia presenta valores normais nesta época do ano, entre unha anomalía positiva moi forte ao oeste de Irlanda e unha anomalía negativa de presión sobre os Azores. Aínda que en altura o norte da Comunidade está afectado pola anomalía positiva que se desprazou cara Grenlandia, os valores de presión foron os propios da época do ano




Figura 4: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de abril, con respecto ao período de referencia 1981-2010.

2.5. Maio

O mes de maio presentou unha configuración cambiante de situacións meteorolóxicas, nas que os primeiros e derradeiros días foron anticiclónicos pero houbo un longo período intermedio no que se produciu unha chegada continua de borrascas, nalgúns casos moi activas e con aire frío en altura. Isto deu lugar a temperaturas frías para a época do ano, que non foron quen de compensar as xornadas anticiclónicas, que nos derradeiros días do mes mesmo superaron os 30 °C en moitas localidades. En canto a chuva hai un gran contraste



entre o oeste, máis chuvioso do normal e o leste que rexistrou precipitacións inferiores ás agardadas neste mes. Así, no conxunto de Galicia **maio foi un mes frío e húmido**.

Unha das situacións máis destacables que afectou á Comunidade foi o paso dunha fronte fría moi activa asociada a unha borrasca profunda, localizada sobre Irlanda que deixou chuvia forte na xornada do 9, chuvascos intermitentes con aire frío nas xornadas do día 10 e 11. Nesta última xornada, mesmo estiveron acompañadas por momentos de aparato eléctrico e neve.

As temperaturas foron en xeral frías para a época do ano, destacando o período entre a xornada do 9 ao 16. Tan só na derradeira semana do mes as temperaturas foron elevadas. O valor medio de temperatura media para a serie rexional representativa foi de 13.8 °C, cunha anomalía de -0.63 °C, cualificándose o mes como frío. Isto debeuse principalmente ás temperaturas mínimas, moi frías, pero as máximas tamén estiveron lixeiramente por debaixo do valor climático normal. Atopamos o precedente máis frío no ano 2013.

Nas chuvias, cabe destacar os elevados valores acumulados na metade oeste por mor do paso de borrascas moi activas entre as xornadas do 9 ao 15, pero tamén hai que mencionar o feito de que estas borrascas non conseguiron afectar ao leste da Comunidade que presentou un déficit na precipitación acumulada. Así, a precipitación acumulada media da serie rexional representativa foi de 113 L/m², representando unha porcentaxe dun 13% por riba do agardado, o que levou a cualificar o mes como húmido, sendo o precedente máis húmido o ano 2017.

Neste mes, novamente se superou o limiar dos 100 km/h en tan só 4 estacións, aínda que en varias xornadas. Pero é destacable que en xeral a porcentaxe de calmas non foi elevada, e tal como mostrara a situación sinóptica do mapa de anomalías de presión, a dirección de vento predominante foi a do oeste.

A configuración sinóptica das anomalías de presión en superficie e altura xeopotencial (Figura 5), mostra unha anomalía negativa moi forte situada en latitudes superiores a Galicia. Pero as altas presións dos Azores tamén se viron moi reforzadas. Como resultado disto houbo unha situación moi zonal na que os ventos predominantes de compoñente oeste, achegaron moita humidade ás provincias atlánticas.




Figura 5: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de maio, con respecto ao período de referencia 1981-2010.

2.6. Xuño

O mes de xuño quedou caracterizado por dúas metades completamente diferentes. Unha primeira metade con predominio anticiclónico e presenza de aire cálido en superficie e unha segunda, co achegamento de algunhas borrascas e zonas de aire frío con temperaturas por debaixo do normal para a época do ano. Ademais as chuvias foron moi cuantiosas, quedando por riba do habitual nun mes de xuño. Así, **xuño foi lixeiramente frío e moi húmido**.

Así cabe destacar como entre as xornadas do 3 ata o 10 de xuño, os días foron de ceos abertos con presenza dalgunha nube de estancamento, e máximas por riba dos 30 °C ou dos 35 °C en localidades do interior.

Pero a partir do 11 de xuño, aínda que había aire cálido en superficie houbo aire frío en altura, co que sucedeu un importante incremento da inestabilidade. Así, as protagonistas foron as tormentas, que durante as tardes acadaron intensidades puntualmente torrenciais e viñeron acompañadas de sarabia e aparato eléctrico. Destacan as chuvias do día 17, que nalgunhas localidades chegaron a acumular valores de ata 50 L/m² e polo tanto valores superiores ás medias de todo o mes de xuño nas mesmas.

Na temperatura media os episodios de temperaturas baixas do segundo período cancelaron as anomalías positivas do primeiro período, quedando por debaixo do normal. Así, a temperatura media para a serie representativa galega foi de 17.3 °C. Isto representa unha anomalía de temperatura de -0.38 °C, o que fixo que o mes se cualificase como lixeiramente frío. Isto debeuse tanto ás máximas como ás mínimas para as que o mes recibiu esta mesma cualificación.

Os episodios tormentosos entre os días 11 e 16 e as chuvias persistentes entre os días 17 e 21, deixaron unha precipitación media acumulada neste mes de xuño de 96 L/m². Isto representou unha porcentaxe de precipitación dun 102% superior ao valor climático normal, resultando un mes moi húmido. O precedente máis húmido atopámolo en 2018.

En canto ao vento tan só tres estacións rexistraron refachos máximos superiores a 100 km/h, aínda que en dúas xornadas diferentes. Como é propio da época do ano, a compoñente predominante do vento foi de N-NE e a porcentaxe de calmas foi en xeral elevada.

A configuración sinóptica do mapa de anomalía de presións en superficie e en altura (Figura 6), caracterizouse pola presenza dunha anomalía negativa, característica das baixas presións en Islandia e unha anomalía positiva indicando unha predominancia anticiclónica no leste de Europa. A elevada variabilidade de situacións que afectaron á Comunidade e a gran parte da península, fixeron que a anomalía se compensase nestas rexións.




Figura 6: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de xuño, con respecto ao período de referencia 1981-2010.

2.7. Xullo

O mes de xullo quedou marcado pola presenza de aire frío no Atlántico norte, que impediu que as altas presións se localizasen ao norte da península Ibérica, facendo que en moitos momentos do mes non puidesen illarnos das influencias atlánticas. Isto deu lugar a que, principalmente en Pontevedra e o sur da Coruña, as temperaturas medias estivesen algo por debaixo do agardado nesta época do ano. Sendo nestas áreas ademais, onde se acadaron niveis normais de precipitación, mentres que o interior, e principalmente a provincia de Ourense apenas rexistrou precipitación. Onde tamén se reflectiu esta situación foi na radiación solar, que presentou unha anomalía máis baixa do habitual. Así, o **mes de xullo foi frío e seco**.



Unha situación meteorolóxica destacable neste mes, foi a que se deu entre os días 14 e 17. Así, o día 14 as altas presións movéronse cara ao norte, deixando unha xornada de ascenso das temperaturas e tempo estable, que posteriormente contribuíu á chegada do período máis cálido do mes, no que, coas altas presións estacionarias nas illas Británicas, e o aire moi cálido que se achegou dende o norte de África, entre o 15 e o 18 tivemos noites tropicais en puntos do litoral e temperaturas que chegaron aos 40 °C en puntos illados do interior o día 17.

En canto ás temperaturas soamente se acadaron valores normais en puntos de Ourense, Lugo e norte da Coruña. As zonas máis afectadas polo suroeste e o paso de borrascas, Pontevedra e sur da Coruña, estiveron por debaixo do agardado. Así, a temperatura media para a serie rexional representativa foi de 19.0 °C, cunha anomalía de -0.7 °C, que fai que o mes se considerase frío. Isto debeuse principalmente ás máximas que foron frías, aínda que as mínimas, tamén frías estiveron moi preto da normalidade. O precedente máis frío atopámolo no ano 2012.

A pesar dunha presenza con nubes máis habitual do normal nun mes de xullo, as chuvias foron escasas o mesmo nulas, e soamente acadaron valores normais en puntos de Pontevedra e o sur da provincia de A Coruña. Isto debeuse a que as fronteas, moi pouco activas non chegaron a afectar a gran parte da Comunidade, e apenas foron xeneralizadas. O valor medio de precipitación mensual para a serie rexional representativa foi de 19 L/m², o que representou unha porcentaxe de precipitación dun 51 % inferior ao valor climático normal. Así, o mes resultou seco no conxunto da Comunidade.

En canto ao vento e, tal e como corresponde a esta época do ano, tivo predominancia de compoñente Norte, sen embargo, os ventos de compoñente oeste tamén foron característicos asociados ás borrascas que afectaron á Comunidade. A porcentaxe de calmas foi moi elevada de forma xeneralizada en todo o territorio galego

A configuración sinóptica das anomalías de presión en superficie (Figura 7), mostrou unha forte anomalía negativa ao sur das illas Británicas que non foi tan evidente en altura. Tamén se aprecia unha anomalía negativa ao norte dos Azores, cun predominio anticiclónico moi debilitado desprazado ao oeste das mesmas. Isto explica a presenza das numerosas fronteas pouco activas que afectaron durante este mes de xullo á Comunidade.




Figura 7: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de xullo, con respecto ao período de referencia 1981-2010.

2.8. Agosto

O mes de agosto tivo predominancia anticiclónica, a pesar de que na primeira semana as borrascas foron algo máis habituais. Nesta semana as precipitacións foron escasas, polo que en canto á chuvia o mes foi seco. Sen embargo, nela as baixas temperaturas compensaron as elevadas temperaturas do resto do mes, quedando un mes normal respecto a esta variable. Así, **agosto foi seco e normal en canto á temperatura.**

Entre as xornadas do 11 e o 14 do mes, superáronse en moitas localidades do interior os 35 °C, sendo necesario establecer avisos por temperaturas extremas. Isto mesmo aconteceu na xornada do 22, na que unha entrada de aire cálido procedente do sur da península Ibérica e do norte de África, activou novamente avisos por temperaturas extremas no interior.

A configuración sinóptica dos mapas de anomalía de presión en superficie e altura xeopotencial, presentou unha forte anomalía positiva centrada en Islandia, mentres que no centro de Europa destacou unha anomalía negativa que foi máis forte en altura. As anomalías positivas do norte foron as responsables de que as borrascas atlánticas non puidesen chegar a Galicia a partir da segunda semana do mes.

A temperatura media para a serie rexional galega foi de 20.1 °C, cunha anomalía positiva de +0.2 °C, considerándose no conxunto da Comunidade o mes normal. Isto debeuse principalmente a compensación das máximas, que foron lixeiramente cálidas, con valores elevados desde a segunda semana do mes, e as temperaturas baixas, lixeiramente frías, as que contribuíron as baixas temperaturas da primeira semana do mes.

As chuvias concentráronse nos primeiros días do mes na zona de Pontevedra e sur da provincia de A Coruña. Nestes puntos as precipitacións acadaron valores normais, pero a pesar das tormentas da última xornada do mes, só se acadaron valores por riba do normal en zonas moi locais, polo que o mes foi seco no conxunto da Comunidade. Así a precipitación segundo os valores da serie representativa rexional foi de 24 L/m², o que representou unha porcentaxe dun 32 % inferior ao valor climático normal. O precedente máis seco foi 2018.

En canto ao vento a compoñente predominante foi o Nordeste, tal e como cabía esperar pola predominancia anticiclónica no norte da Comunidade, por isto mesmo, a porcentaxe de calmas foi en xeral moi elevada en toda Galicia

A configuración sinóptica dos mapas de anomalía de presión en superficie e altura xeopotencial (Figura 8), presentou unha forte anomalía positiva centrada en Islandia, mentres que no centro de Europa destacou unha anomalía negativa que foi máis forte en altura. As anomalías positivas do norte foron as responsables de que as borrascas atlánticas non puidesen chegar a Galicia a partir da segunda semana do mes.




Figura 8: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de agosto, con respecto ao período de referencia 1981-2010.

2.9. Setembro

O comportamento atmosférico do primeiro mes do outono, foi o esperado nesta época do ano, unha mestura de situacións anticiclónicas, con episodios de chuvias convectivas e a chegada das primeiras borrascas outonais. As temperaturas foron máis elevadas do habitual con días especialmente cálidos, e a precipitación acumulada estivo en valores normais. Así, **setembro foi un mes cálido e normal en canto á precipitación.**

Neste mes, as temperaturas máximas compensáronse entre os períodos anticiclónicos e os períodos da borrasca, pero as mínimas nas dúas situacións meteorolóxicas acadaron valores elevados para a época do ano. Así, a temperatura media para a serie representativa galega acadou un valor de 18.9 °C, con unha anomalía de +0.9 °C, considerándose no conxunto de Galicia o mes cálido. As temperaturas mínimas foron moi cálidas, mentres que tal e como se comentou, as temperaturas máximas resultaron normais.

As chuvias acumuladas por combinación das situacións tormentosas e as chuvias frontais que tiveron lugar, deixaron valores normais de precipitación para un mes de setembro. Así, a precipitación media da serie rexional representativa foi de 73 L/m², o que representou unha porcentaxe de precipitación de tan só un 5 % por debaixo do normal.

En canto ao vento, a compoñente dominante foi moi variable ao longo do territorio galego, mentres que a porcentaxe de calmas foi moi elevada de forma xeneralizada.

A configuración sinóptica dos mapas de anomalías de presión en superficie e altura xeopotencial (Figura 9), presentou unha forte anomalía positiva en centro Europa, estando en altura máis próxima ás illas Británicas. En superficie apréciase unha anomalía negativa ao oeste de Lisboa, que foi a responsable das situacións tormentosas deste mes, e dalgúns episodios de chuvias xeneralizadas. Para a Comunidade os valores de presión foron normais para setembro en ambas altitudes.




Figura 9: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de setembro, con respecto ao período de referencia 1981-2010.



2.10. Outubro

O mes de outubro quedou caracterizado por períodos curtos de borrascas bastante activas, interrompidos por longos períodos anticiclónicos, que ademais achegaron aire cálido á Comunidade. Isto fixo que as temperaturas estivesen en xeral por riba do agardado. As precipitacións non chegaron aos valores normais, a pesar da intensidade das borrascas que afectaron a Comunidade. Así, o mes de **outubro foi cálido e seco**.

Unha das situacións meteorolóxicas destacable neste mes, foi a que se deu entre a tarde-noite do día 2 e a madrugada do día 3, na que o paso dunha fronte moi activa deixaba chuvias superiores aos 20 L/m² nunha hora en moitos lugares da Comunidade, ademais de refachos de vento moi intensos.

Outro período destacable foi o episodio que comezou na xornada do 6 e se alongou ata 10 días. Neste, as altas presións localizáronse ao norte da península Ibérica impedindo a chegada das borrascas atlánticas á Comunidade e achegando aire cálido procedente do sur. Durante este período as temperaturas sufriron grandes contrastes a nivel rexional. As mínimas foron normais no litoral, pero frías no interior, sen embargo, as máximas foron elevadas para a época do ano, superando en xeral os 25 °C.

Unha última situación que cabe destacar neste mes, ocorreu entre as xornadas do 18 e o 19. Galicia quedou nunha área intermedia entre as baixas presións do Atlántico norte e as altas presións do Mediterráneo, achegando aire cálido dende o sur, cun importante ascenso nas temperaturas, se cabe máis destacado nas mínimas. De feito, nalgunhas localidades, como Ribadeo, houbo unha noite tropical na madrugada do día 18.

Os dous períodos anticiclónicos con presenza de aire cálido deixaron temperaturas máximas con valores por riba do normal nesta época do ano. A isto hai que engadirlle que as mínimas non descenderon demasiado nos períodos anticiclónicos e se mantiveron elevadas nos períodos de inestabilidade atmosférica. Así, a temperatura media para a serie rexional representativa foi de 15.5 °C, cunha anomalía de +1.0 °C, considerándose no conxunto de Galicia como cálido, con temperaturas máximas moi cálidas e mínimas normais. O precedente máis cálido atópase no ano 2017.

As chuvias neste mes de outubro concentráronse a principios e a finais de mes, cando rexistramos o paso de fronteas moi activas. Pero as cantidades de chuva non acadaron os valores climáticos, nun mes no que son normais as precipitacións acumuladas elevadas. Así, a precipitación media da serie rexional representativa foi de 134 L/m². Isto representa unha

porcentaxe de precipitación dun 19 % inferior ao valor climático agardado e, o mes considerouse seco, co precedente máis seco no ano 2018.

En canto ao vento, na xornada do día 2, superáronse os 100km/h en varias estacións meteorolóxicas, sendo a xornada do mes que presentou en xeral os refachos de vento máis fortes do mes. A dirección de vento predominante foi de compoñente Sur-Suroeste, e o predominio anticiclónico deu lugar a elevadas porcentaxes de calmas.

A configuración sinóptica dos mapas de anomalías de presión en superficie e altura xeopotencial (Figura 10), apreciouse unha anomalía positiva centrada no suroeste da península Ibérica, que da conta da predominancia anticiclónica no mes. Esta configuración impediu o paso das borrascas do atlántico que se manifestan na forte anomalía negativa ao sur de Groenlandia, máis destacada en superficie.




Figura 10: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de outubro, con respecto ao período de referencia 1981-2010.

2.11. Novembro

Desde o punto de vista meteorolóxico o mes de novembro tivo tres partes moi diferenciadas. Un principio e un final caracterizado pola entrada de aire frío procedente do norte con inestabilidade e un longo período anticiclónico no medio. Así, **novembro foi un mes frío e moi seco**.

Así, o derradeiro mes do outono comezaba con 4 xornadas con chuvascos, sempre máis frecuentes no norte, con neve nas zonas de montaña e acompañadas ocasionalmente de sarabia e aparato eléctrico.



O período anticiclónico comezou na xornada do día 6, e se estendeu ata o día 15. Neste período as altas presións illaron a Galicia dos restos da tormenta tropical "Wanda" e a borrasca "Blas", que durante varias xornadas deixou unha meteoroloxía moi adversa no Mediterráneo occidental.

Houbo un segundo período anticiclónico entre o 17 e o 20 no que as altas presións achegaron estabilidade e aire cálido tendo en conta a época do ano. Así, na xornada do 19 en moitos puntos de Galicia a temperatura superou os 20 °C ao principio da tarde, cunha máxima superior aos 24 °C en Pontevedra.

Houbo outra situación destacable na fin de semana do 27 e 28, onde os termómetros rexistraron valores moi baixos. Galicia estivo eses dous días nunha situación intermedia entre a borrasca "Arwen" que se formou no mar do Norte e as altas presións do Atlántico. Isto propiciou a formación dun corredor de isóbaras que trouxo aire polar marítimo e inestabilidade, con frecuentes precipitacións e unha cota de neve que chegou ata os 800 m. Os ceos despexados nos períodos anticiclónicos e o aire frío do norte fixeron que as temperaturas mínimas acadasen valores por debaixo dos normais nesta época do ano. As máximas sen embargo, acadaron valores máis próximos á normalidade xa que as fortes anomalías positivas dos períodos anticiclónicos compensaron as baixas temperaturas das entradas de aire polar na Comunidade. Así, a temperatura media para a serie rexional representativa foi de 9.8 °C, cunha anomalía de -1.1 °C, considerándose no conxunto de Galicia o mes frío. Isto debeuse a que as mínimas foron moi frías, mentres que as máximas acadaron valores normais. O antecedente máis frío atopámolo en 2008.

As chuvias foron en xeral moi escasas, tanto en cantidade como en número de días de chuvia, isto debeuse ao prolongado período anticiclónico, pero tamén, a que os episodios de chuvia estiveron asociados a entradas de aire frío do norte, e nestes casos as chuvias nunca son tan cuantiosas como nas situacións de suroeste, que practicamente non sucederon este mes. Ademais, explica tamén, que a maior cantidade de precipitación se concentrou no nordeste da Comunidade, único sitio onde se superaron os valores normais de precipitación. A precipitación media da serie rexional representativa foi de 61 L/m², representando unha porcentaxe dun 63% inferior ao valor climático normal, considerándose o mes moi seco.

Debido ao predominio anticiclónico tan só tres estacións rexistraron valores de refacho máximo de vento superior aos 100 km/h, aínda que este limiar se superou nestas localidades en varias ocasións durante o mes. A dirección de vento predominante foi de compoñente Este-Nordeste e, a porcentaxe de calmas moi elevada para a época do ano.

A configuración sinóptica dos mapas de anomalías de presión en superficie e altura xeopotencial (Figura 11), mostra unha forte anomalía positiva que impediu o achegamento das borrascas do norte á Comunidade. Así en Galicia, apréciase unha anomalía de presión positiva en superficie, mentres que en altura acadou valores normais. Destaca tamén a forte anomalía negativa que afectou ao Mediterráneo durante este mes de novembro.




Figura 11: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de novembro, con respecto ao período de referencia 1981-2010.

2.12. Decembro

O ano rematou cun mes de decembro que tivo tres partes moi ben diferenciadas. Nos primeiros dez días predominaron as borrascas, con ambiente húmido e temperatura suaves para a época do ano. Os seguintes 10 días foron anticiclónicos, con tempo seco, pero as temperaturas foron baixas, sucedéndose xeadas e néboas persistentes no interior da Comunidade. As borrascas volveron nos últimos dez días, aínda que neste caso con ventos do sur e temperaturas elevadas para a época do ano. Así, o mes de **decembro foi normal en canto á precipitación e moi cálido.**

Entre as distintas situacións meteorolóxicas que se deron no mes, destaca a chegada dunha fronte fría o día 6, asociada á borrasca nomeada *Barra* polo servizo meteorolóxico irlandés. Entre as xornadas do 6 e o 8 Galicia estivo baixo a súa influencia. Así, o día 7 foi o que máis chuvia deixou neste período e déronse avisos por vento forte e chuvia, con precipitacións persistentes e xeneralizadas. O día 8 o seu efecto notouse no mar, en forma de temporal. Ademais, entrou aire frío en altura e houbo chuvascos que por riba dos 900 metros foron en forma de neve.



Outra situación destacable foi a que se produciu nas dúas últimas xornadas do mes, cando as altas presións e os ventos do sur deixaron dous días secos, con ceos abertos, e temperaturas moi elevadas para este mes, superándose os 20 °C de máxima en moitos puntos da Comunidade.

As temperaturas mínimas foron elevadas para un mes de decembro, pero as máximas o foron moito máis. Isto debeuse a que as mínimas foron baixas no período anticiclónico de mediados de mes, pero as máximas foron elevadas en xeral nos tres períodos, exceptuando algún día concreto no paso dunha fronte e, destacando as derradeiras xornadas do mes.

A temperatura media para a serie rexional galega foi de 10.8 °C, presentando unha anomalía de +2.1 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como moi cálido. Isto debeuse tanto ás máximas como ás mínimas que tamén foron moi cálidas para un mes de decembro. Así, decembro de 2021 foi o terceiro máis cálido da serie co seu precedente máis próximo en 2015.

O paso das distintas fronteas que afectaron á Comunidade deixou chuvias normais nun mes de decembro, no que sen embargo, se superou de forma xeneralizada o número de días de chuvia con respecto ao valor climático normal. Isto débese aos dous períodos de inestabilidade a principios e final de mes, con borrascas bastante activas en días concretos. A precipitación media da serie rexional representativa foi de 186 L/m², o que supuxo unha porcentaxe de precipitación dun 3 % superior ao valor climático normal.

En canto ao vento, destacan as xornadas do 7 e o 8 como as que rexistraron os refachos de vento máis elevados, superándose os 100 km/h en varias localidades, pero este limiar tamén se superou na xornada do 27 en bastantes zonas. A dirección de vento predominante foi Sur-Suroeste, con unha porcentaxe de calmas propias para o mes.

A configuración sinóptica dos mapas de anomalías de presión (Figura 12) en superficie mostra as borrascas do Atlántico norte bloqueadas por unha leve anomalía de presión positiva no centro de España, esta configuración deixou valores de presión normais en superficie o que explica a entrada de diversas fronteas asociadas ás borrascas. En altura xeopotencial a configuración foi bastante diferente, xa que unha forte anomalía positiva centrada na península e, outra no norte afectando a gran parte de Europa, bloqueou o paso de aire frío en altura das borrascas, o que se traduciu en temperaturas superiores ás normais nesta época do ano.




Figura 12: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de novembro, con respecto ao período de referencia 1981-2010.



3 DESCRICIÓN DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2021 EN GALICIA

3.1. Temperatura.

Neste documento vanse tomar os criterios da Táboa 1 para asignar unha categoría aos distintos meses segundo a temperatura. Emprégase para isto os percentiles obtidos da serie rexional no período 1981-2010. Este mesmo criterio é o que ven sendo considerado nos distintos informes climatolóxicos mensuais ao longo do ano 2021.

Temperatura	
Categoría	Percentil
extremadamente frío	≤mínimo (1981-2010)
moi frío	Entre mínimo (81-10) e 20%
frío	Entre 20% e 40%
normal	Entre 40% e 60%
cálido	Entre 60% e 80%
moi cálido	Entre 80% e máximo (81-10)
extremadamente cálido	≥máximo (1981-2010)

Táboa 1: Descrición das temperaturas en función dos percentiles da serie 1981-2010.

En canto á temperatura, **xaneiro** do ano 2021 resultou moi frío debido principalmente ás baixas temperaturas da primeira metade de mes, dándose varios avisos laranxas entre as xornadas do 11 ao 14 por baixas temperaturas, principalmente na provincia de Ourense. As máximas resultaron moi frías, mentres que as mínimas, máis suaves foron frías.

O mes de **febreiro** resultou moi cálido, xa que o paso de sucesivas fronteiras con vento do suroeste trouxeron masas de aire morno e moitas nubes, sendo moi escasos os días de xeadas ou neve. Neste caso as mínimas foron moi cálidas, mentres que as máximas foron cálidas.

As temperaturas medias mensuais en **marzo** foron normais, o predominio anticiclónico deu lugar a temperaturas máximas elevadas, pero as mínimas foron baixas debido a que os ceos nocturnos estiveron despexados. Así, compensáronse as temperaturas máximas, que foron cálidas coas mínimas que foron frías.

No mes de **abril** foi moi cálido xa que houbo poucos días de frío e predominio de xornadas anticiclónicas. Ademais houbo xornadas tormentosas que tamén presentaron temperaturas elevadas para a época do ano. As temperaturas máximas foron moi cálidas e as mínimas, cálidas.



Maio foi frío en temperatura media. Neste mes tan só a derradeira semana presentou temperaturas elevadas, sendo o resto do mes frías en xeral para un mes de maio. A contribución máis forte foi a de as mínimas, que foron moi frías, mentres que as máximas só estiveron lixeiramente por debaixo do valor climático normal.

O mes de **xuño** foi lixeiramente frío xa que as baixas temperaturas da segunda metade cancelaron as anomalías positivas do primeiro período do mes. Neste caso tanto as máximas como as mínimas tamén tiveron esta cualificación.

Xullo tamén foi frío, neste mes só se acadaron valores normais nalgunhas localidades da provincia de Ourense, Lugo e norte da Coruña. Mentres que as zonas afectadas polo suroeste e o paso de borrascas (a provincia de Pontevedra e o sur da provincia de A Coruña) estiveron por debaixo do agardado. As máximas foron frías, mentres que as mínimas aínda que tamén frías estiveron moi preto da normalidade.

Agosto foi un mes normal en canto á temperatura. Isto debeuse principalmente á compensación das máximas, que foron lixeiramente cálidas, con valores elevados na segunda semana do mes, coas mínimas, que foron lixeiramente frías, debido as baixas temperaturas da primeira semana do mes.

O mes de **setembro** foi cálido tendo en conta as temperaturas medias, debido a que as temperaturas máximas compensáronse entre os períodos anticiclónicos e os períodos de borrasca, pero as mínimas nos dous períodos foron elevadas en xeral. Así, as mínimas foron moi cálidas, mentres que as máximas foron normais.

Os dous períodos anticiclónicos con presenza de aire cálido que houbo no mes, fixeron que **outubro**, en canto á temperatura media, fose cálido. Ademais, as mínimas non descenderon moito nos períodos anticiclónicos e mantivéronse elevadas nos de inestabilidade atmosférica. Así, as máximas foron moi cálidas e as mínimas normais.

En **novembro**, os ceos despexados nos períodos anticiclónicos e o aire frío do norte fixeron que as temperaturas mínimas acadasen valores moi baixos para a época do ano. Mentres que as máximas compensáronse entre os períodos anticiclónicos e as entradas de aire polar. Así, novembro foi frío tendo en conta a temperatura media. As temperaturas mínimas foron moi frías e as máximas acadaron valores normais.

O mes de **decembro** moi cálido, con temperaturas elevadas para a época do ano. As mínimas, aínda que elevadas, foron baixas no período anticiclónico de mediados de mes, pero as máximas foron elevadas nos tres períodos que caracterizaron decembro. Sen embargo, para o conxunto da Comunidade tanto as máximas como as mínimas resultaron moi cálidas neste mes.



Na Táboa 2 preséntanse a categoría asignada a cada mes tendo en conta a temperatura mínima, media e máxima e de acordo aos criterios da Táboa 1.

Resumo mensual das anomalías de temperatura no ano 2021			
Mes	Temperatura mínima	Temperatura media	Temperatura máxima
xaneiro	frío	moi frío	moi frío
febreiro	moi cálido	moi cálido	cálido
marzo	frío	normal	cálido
abril	cálido	moi cálido	moi cálido
maio	moi frío	frío	lixeramente frío
xuño	lixeramente frío	lixeramente frío	lixeramente frío
xullo	lixeramente frío	frío	frío
agosto	lixeramente frío	normal	lixeramente cálido
setembro	moi cálido	cálido	normal
outubro	normal	cálido	moi cálido
novembro	moi frío	frío	normal
decembro	moi cálido	moi cálido	moi cálido

Táboa 2: Descrición das temperaturas con respecto ao período de referencia 1981-2010.

3.2. Precipitación.

No caso da precipitación (e ao igual que na temperatura) empregaranse os percentiles obtidos da serie rexional no período 1981-2010. Os intervalos das distintas categorías móstranse na táboa 3. Este mesmo criterio é o que ven sendo considerado nos distintos informes climatolóxicos mensuais ao longo do ano 2021.

Precipitación	
Categoría	Percentil
extremadamente seco	≥mínimo (1981-2010)
moi seco	Entre mínimo (81-10) e 20%
seco	Entre 20% e 40%
normal	Entre 40% e 60%
húmido	Entre 60% e 80%
moi húmido	Entre 80% e máximo (81-10)
extremadamente húmido	≥máximo (1981-2010)

Táboa 3: Descrición da precipitación acumulada en función dos percentiles con respecto ao período de referencia 1981-2010.



O ano 2021 comezou cun mes de **xaneiro** considerado húmido principalmente polas segunda parte do mes, na que a partir do día 19, Galicia sufriu a chegada continua de borrascas con chuvias xeneralizadas. Entre estas borrascas destacaron polas súas características as que foron nomeadas: *Gaetán* (día 19), *Hortense* (na noite do 21 e a madrugada do 22), *Ignacio* (día 23) e *Justine* (na noite do 29 e a madrugada do 30).

Febreiro resultou moi húmido, xa que quedou caracterizado polo paso continuo de borrascas, moi activas en xeral, coas súas fronteas asociadas. Na xornada do 19, destacou a borrasca nomeada *karim*, que chegaba acompañada dun río atmosférico e deixou cantidades de chuvia importantes.

En **Marzo** a chuvia acumulada quedou por debaixo dos valores normais, resultando un mes moi seco. Isto debeuse ao predominio anticiclónico no que as poucas situacións de inestabilidade, deixaron chuvias moi escasas.

Abril foi un mes normal no que atinxe á precipitación e ao número de días de chuvia. Se ben, os fenómenos tormentosos deixaron localidades do interior con rexistros de chuvia superiores a os agardados nesta época do ano.

O mes de **maio** foi húmido, debido a un longo período de inestabilidade, intermedio a dous curtos períodos anticiclónicos, no que se produciu unha chegada continua de borrascas, nalgúns casos moi activas e con aire frío en altura, acompañadas ocasionalmente de aparato eléctrico.

O mes de **xuño** resultou moi húmido, xa que na segunda metade do mes, achegáronse algunhas borrascas con aire frío e chuvias moi cuantiosas. Así entre os días 11 e 16 as chuvias foron de orixe tormentoso e, entre as xornadas do 17 e o 21, foron persistentes.

O mes de **xullo** foi seco. De feito, só se acadaron valores normais na provincia de Pontevedra e o sur da provincia de A Coruña. Porén, na provincia de Ourense houbo moitas localidades que non rexistraron chuvias.

En **Agosto** foi un mes seco. As chuvias do mes concentráronse na zona de Pontevedra e o sur da provincia de A Coruña e, a pesar das tormentas da última xornada do mes, só se acadaron valores por riba dos normais en zonas moi locais.

Setembro acadou valores de precipitación normais. Isto debeuse á combinación das situacións tormentosas e as chuvias frontais que tiveron lugar no mes.



